



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS
DO CONSELLO SOCIAL DO 29.07.2024**

LUGAR: Sala II do edificio Miralles, campus de Vigo

DATA: 29.07.2024

HORA DE COMEZO: 12:10 h.

HORA DE REMATE: 13:00 h.

LISTA DE ASISTENTES

Blanco Gómez, César

Bravo Bosch, María José

Castro Mouzo, Mercedes

Cendón Alonso, María Teresa

López Fernández, Yolanda

Ortiz Álvarez, Ana María

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

NON ASISTEN

Crespo Tobío, Silvia



O luns, día 29 de xullo de 2024, ás 12:10 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25.04.2024).
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, do financiamento do estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas en estudos de Doutoramento na Universidade de Vigo, no curso 2021/2022, a realizar polo Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo.
4. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada polo Grupo Aletheia, para organizar en Vigo as XXVIII Xornadas de Filosofía, coa temática "Filosofía, ciencia e tecnoloxía: a eterna xuventude".
5. Acordo que proceda sobre a petición dunha aportación do Consello Social para a organización do "9º Congreso iberoamericano de psicoloxía do deporte", previsto en Pontevedra.
6. Acordo que proceda sobre a solicitude da Delegación de estudantes da Escola de Enxeñaría Industrial, para reunir en Vigo ao "Consejo Estatal de Estudiantes de Ingeniería Biomédica e Ingeniería de la Salud (CEEIBIS)".
7. Acordo que proceda sobre a colaboración económica solicitada para a organización dos "Encontros con profesionais do Dereito Concursal", especialmente orientados ao estudantado.
8. Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria, para realizar o programa "Augaventura", de actividades no medio acuático.
9. Aprobación, se procede, da dotación económica precisa para a difusión do Estudo sobre o Impacto económico e social da Universidade de Vigo. Deseño gráfico, maquetación dixital e maquetación editorial.
10. Aprobación, se procede, da dotación económica precisa para a organización dunha "Xornada de análise, debate e alternativas ao actual sistema de acceso á universidade".
11. Aprobación, se procede, da delegación no presidente para a asignación definitiva das Bolsas-colaboración para a curso 2024/2025, debendo dar conta da resolución na primeira sesión plenaria que se convoque.
12. Aprobación, se procede, dos prezos públicos aplicables a titulacións oficiais no curso 2024/2025, por servizos administrativos e académicos.
13. Aprobación, se procede, dos prezos públicos do curso de Extensión Universitaria 2024 "Visibilización da importancia da saúde mental na mocidade", no Campus de Ourense.
14. Aprobación, se procede, da participación do Consello Social na convocatoria "Ourense rural", promovida pola Universidade de Vigo para o curso 2024/2025 no campus de Ourense.
15. Rogos e preguntas.

O presidente agradece a asistencia dos presentes e anticipa o posible calendario de reunións da comisión ata fin de ano.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25.04.2024).

- ***Apróbese por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Ernesto Pedrosa expón a conveniencia de acoutar o punto 7 das Normas básicas de axudas do Consello Social, ao detectar que algunhas iniciativas modifican cada ano o título dos actos que organizan, eludindo así as



limitacións que se contemplan nas devanditas normas. Propón introducir unha nova cautela de xeito que onde di "Con carácter xeral, ás axudas que se concedan a unha mesma iniciativa...", engádaselle "ou dunha mesma procedencia...". Os asistentes dan a súa conformidade.

PUNTO 3

Aprobación, se procede, do financiamento do estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas en estudos de Doutoramento na Universidade de Vigo, no curso 2021/2022, a realizar polo Observatorio de Persoas Tituladas da UVigo.

Explica o presidente que a realización do estudo sobre a inserción e satisfacción das persoas tituladas cos programas de doutoramento no curso 2021/2022 permitirá, dunha parte, cumprir a esixencia da ACSUG de que as universidades realicen o seguimento da inserción laboral/empregabilidade e satisfacción destes titulados, e doutra, a disposición de información actualizada sobre as promocións máis recentes que permitirá que a UVigo poida participar no apartado correspondente do ranking ARWU-Shangay. A petición procede da Escola Internacional de Doutoramento e da Área de Calidade da UVigo.

- ***Apróbbase unha achega de 5.500 €+IVE.***

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada polo Grupo Aletheia, para organizar en Vigo as XXVIII Xornadas de Filosofía, coa temática "Filosofía, ciencia e tecnoloxía: a eterna xuventude".

Resume o presidente que o Grupo Aletheia cumpre 28 anos organizando debates abertos á sociedade para reflexionar sobre temas de interese público dende a visión conxunta da ciencia e da filosofía. Nesta edición, a desenvolver o vindeiro outubro en Vigo, o tema elixido é a eterna xuventude analizada dende a filosofía, a ciencia e a tecnoloxía. Durante catro sesión repartidas en catro días, expertos e investigadores en biotecnoloxía, psicobioloxía, intelixencia artificial ou dietética darán resposta aos interrogantes que constitúen o cerne dos debates. O presidente lembra que se lle aplica a redución respecto á edición anterior.

- ***Concédesese unha axuda de 2.000 €.***

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a petición dunha aportación do Consello Social para a organización do "9º Congreso iberoamericano de psicoloxía do deporte", previsto en Pontevedra.

Consonte a documentación que se achega, especialistas de máis de 15 países reuniranse durante unha semana en Pontevedra para promover e avanzar nos coñecementos relacionados coa psicoloxía da actividade física, exercicio e deporte. Das oito edición xa celebradas, esta será a segunda que se realice en España. Mobilizará a preto de 400 asistentes, reunirá aos máis destacados psicólogos deportivos de Iberoamérica, e terá como sedes a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e a Facultade de Comunicación.

- ***Asígnase unha aportación de 2.500 €.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a solicitude da Delegación de estudantes da Escola de Enxeñaría Industrial, para reunir en Vigo ao "Consejo Estatal de Estudiantes de Ingeniería Biomédica e Ingeniería de la Salud (CEEIBIS)".

A Delegación do alumnado da escola de Enxeñaría Industrial acolle en Vigo o congreso e a asemblea anual da organización nacional que agrupa a estudantes das enxeñarías biomédica e da saúde (CEEIBIS). Participan os representantes das trece universidades membros. Consonte o programa, entre as actividades previstas -que estarán abertas á comunidade universitaria- destacan visitas a hospitais de Vigo, dependencias oficiais e recintos universitarios, e mesas redondas sobre ética e intelixencia artificial na sanidade ou o emprendemento e a profesión de enxeñaría biomédica.

- ***Apróbbase unha axuda de 2.000 €.***



PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a colaboración económica solicitada para a organización dos "Encontros con profesionais do Dereito Concursal", especialmente orientados ao estudiantado.

Valórase a iniciativa que propón dar a coñecer cuestións prácticas de máxima importancia ao redor do proceso concursal, as cuestións craves, as variacións legislativas e mesmo as saídas profesionais vinculadas á reestruturación e quebra de empresas e a formación para acceder a estes postos de traballo. Unha xuíza, un experimentado profesor universitario e un administrador concursal economista exporán, na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ensinanzas de utilidade para o alumnado da materia ou para calquera interesado.

- **Concédesse unha axuda de 800 €.**

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria, para realizar o programa "Augaventura", de actividades no medio acuático.

A Vicerreitoría de Extensión Universitaria organiza dende 2012 o programa "Augaventura" de actividades no medio acuático, cunha participación total de 2.500 persoas -maioritariamente estudiantado- da comunidade universitaria, familiares, egresados e Alumni. As actividades habituais desenvólvense no mar e no río: dende o surf ou o mergullo ata kaiak ou andaina guiada. Os participantes abonan unha inscrición de 15 €.

- **Apróbase unha aportación de 2.000 €.**

PUNTO 9

Aprobación, se procede, da dotación económica precisa para a difusión do Estudo sobre o Impacto económico e social da Universidade de Vigo. Deseño gráfico, maquetación dixital e maquetación editorial.

Lembra o presidente que a secuencia de estudos que está a promover o Consello Social para coñecer o impacto económico e social da UVigo no seu entorno, suma un novo chanzo con este traballo para medir a aportación da universidade á calidade de vida dos cidadáns, o valor social e a medición da súa propia responsabilidade social corporativa. Neste punto apróbase o custe do deseño gráfico do informe, xeración do PDF dixital, montaxe para web, integración na web do Consello Social, maquetación editorial do resumo executivo, infografía e apoio gráfico para presentacións.

- **Apróbase unha dotación de 3.900 €+IVE.**

PUNTO 10

Aprobación, se procede, da dotación económica precisa para a organización dunha "Xornada de análise, debate e alternativas ao actual sistema de acceso á universidade".

As probas para acceder á universidade estanse a converter nun motivo de crecente descontento. A comunidade educativa en conxunto -co estudiantado como principal afectado- ten aberto un debate sobre o actual modelo. Esta xornada que auspicia o Consello Social pretende analizar outros modelos existentes en Europa e identificar as eivas do sistema implantado en España. Un panel de expertos e un informe ad hoc que será presentado neste encontro tratarán de ofrecer alternativas fundamentadas. A proposta do presidente, dispónse unha aportación de **5.000 €** para a organización da xornada, dando conta no seu momento do programa e o orzamento.

PUNTO 11

Aprobación, se procede, da delegación no presidente para a asignación definitiva das Bolsas-colaboración para o curso 2024/2025, debendo dar conta da resolución na primeira sesión plenaria que se convoque.

Sinala o secretario que o pasado mes de xuño, o Consello Social aprobou a asignación provisional das Bolsas-colaboración do Ministerio de Educación ás universidades. Unha vez transcorran os prazos para a presentación de solicitudes e de selección dos beneficiarios deberase publicar a lista de adxudicatarios antes do 17 de setembro, abríndose entón un novo prazo para reclamación para que o Consello Social resolva a asignación definitiva das bolsas. Por razóns operativas e por se fose preciso para conciliar os prazos co



calendario de reunións do Consello Social, propónse delegar no presidente a asignación, debendo dar conta na primeira sesión plenaria.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 12

Aprobación, se procede, dos prezos públicos aplicables a titulacións oficiais no curso 2024/2025, por servizos administrativos e académicos.

Revisase a proposta de prezos (iguais ao curso anterior), referidos á documentación e soporte de matrícula por internet, servizos administrativos e seguro escolar, incremento polo custo de xestión aplicable a importes non pagados nos prazos establecidos; diferentes opcións para o pago da matrícula do Programa de doutoramento; prezo de expedición de certificación académica; e importes para realizar as probas de aptitude para o acceso ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, exencións e bonificacións.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 13

Aprobación, se procede, dos prezos públicos do curso de Extensión Universitaria 2024 "Visibilización da importancia da saúde mental na mocidade", no Campus de Ourense.

Informa o presidente da proposta de aprobación dun prezo de 10 € pola matrícula completa do curso "Visibilización da importancia da saúde mental na mocidade", tendo en conta a redución de prezos aplicables neste tipo de actividades para persoas pertencentes á comunidade universitaria ou persoas vencelladas.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 14

Aprobación, se procede, da participación do Consello Social na convocatoria "Ourense rural", promovida pola Universidade de Vigo para o curso 2024/2025 no campus de Ourense.

Vista a documentación e analizados os aspectos máis salientables da convocatoria, que conta cunha dotación de 26 mil euros, interésanse os presentes pola demanda das bolsas e as especificidades dos solicitantes. O secretario informa que na edición anterior presentáronse 147 solicitudes, das que 94 foron admitidas e 30 concedidas ata esgotar o orzamento, quedando polo tanto unha lista de agarda de 64 candidatos. O perfil maioritario dos beneficiarios é o de estudante coa máxima puntuación económica (por debaixo do limiar de pobreza, residente a máis de 40 quilómetros e con nota media superior a 7. Como en anteriores edicións:

- ***Apróbase a aportación de 6.000 €.***

PUNTO 15

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:00 horas do 29 de xullo, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado dixitalmente)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)